

TORRE DE HÉRCULES

por José Manuel Bértolo Ballesteros





A Torre de Hércules

pertence á época do emperador Traxano, entre o ano 98 e o 117 d.C.

A torre tiña orixinalmente tres pisos abovedados, divididos en catro estancias que se comunicaban mediante portas, e que tamén tiñan saída a unha rampla ou escaleira helicoidal.

As súas bóvedas de canón e muros son tamén obra romana.

O remate superior romano foi substituído no s. XVIII para colocar o fanal actual.



A reconstrución máis

importante iniciouse en 1788 en tempos do rei Carlos III. Encargouse as obras ao arquitecto estremeño E. Gianini. A Torre foi recuberta por novos perpiaños, marcándose unha banda oblicua para recordar a antiga escaleira helicoidal, e fixéronse unhas ventás, algunhas simuladas. Dentro colocouse unha escaleira de pedra até o cume. A parte superior de forma octogonal serve da base á lanterna.

Unhas inscricións sobre as portas

recordan o inicio e a fin desta reconstrución.

Na entrada, *Hércules (1995)*, de **Francisco Leiro** anima a coñecer o faro e a subir para gozar dunha magnífica panorámica da cidade e da costa atlántica, desde as illas Sisargas até o cabo Prioriño en Ferrol.

Hércules, fillo de Zeus e da mortal Alcmena, neta de Perseo, vai sufrir ao longo da súa vida o odio de Hera, muller de Zeus. Un episodio da súa vida fará que veña até aquí, loite con Xerión e constrúa a torre.

Hércules identifícase por ter como vestimenta unha pel de león e unha maza. A pel era do *león do Citerón*, de pel invulnerable, e que Hércules esganou coas súas mans.



Porta da Torre, 1992, de **Francisco Leiro**.

Parte alta da porta: distintas etapas históricas da torre.

Debaixo: Hércules mata a Xerión.

Máis abaixo: colocación dun espello enriba da torre co que se vixiaba a achega dos inimigos (por confusión do termo latino speculum: visión por espello).

Parte inferior: destrución da torre na Idade Media para aproveitar as súas pedras. E cráneo e tibias de Xerión

MARTI
AVG SACR
GSEVIVS
LVPVS
ARCHITECTVS
AEMINIENSIS
LVSITANVS
EX VO

Unha **caseta de pedra a carón da Torre** protexe unha inscrición latina que di: "Ao sagrado Marte augusto, Caio Sevio Lupo arquitecto lusitano de Coimbra por un voto."



Carlos III, 2001)
de **Pablo Serrano Aguiar**

A primeira reconstrución fíxose en 1684. Perforáronse as bóvedas dos pisos para permitir o paso até arriba mediante unhas escaleiras de madeira e no cume puxéronse dous farois.

Pero a reconstrución máis importante iniciouse en 1788 en tempos de Carlos III, quedando practicamente tal como a vemos agora.



Hidra de Lerna, 1998, de
FIDEL GOÁS MENDES.

A hidra era un animal de nove cabezas e unha delas era inmortal. Hércules cortoulle as cabezas mentres o seu sobriño lolao lle queimaba os moquenos para que non se lle reproduciran. A cabeza inmortal enterrouna poñéndolle enriba unha gran pedra.

Ara Solis, 1992, de **Silverio Rivas**

O Sol, ao final do día, fúndese no mar en Finisterre, onde na antigüidade se lle erixiu un altar, o Ara Solis. Alí acudían moitos peregrinos, e mesmo Décimo Xuno "o Galaico", no 150 a.C., non quixo regresar a Roma, sen antes ver tal espectáculo.





Rosa dos ventos, 1993,
X.Corraea Corredoira

Aparecen os sete países celtas e Tartesos, pois un pobo de Tartesos emigrou a Galiza, e ao cruzar o río Letes esqueceu o seu pasado e quedou aquí para sempre.

Vemos as inscricións e símbolos:

Tarsis: caveira = Tartesos.

Eire: trébol = Irlanda

Alba: cardo = Escocia

Manin: tres pernas = illa de Man

Cymru: dragón = Gales

Kernow: cáliz (Grial) = Cornualles

Breizh: pegada de armiño = Bretaña

Galiza: vieira.

O “Espiñoso”, 1996, de Henrique Saavedra,

Fai referencia ao mundo mariño mediante este esqueleto dun barco, memorando quizais un naufraxio.



Os gardiáns, 1994, de Soledad Penalta

Trátase de tres cabezas que emerxen da terra, lembrando ao xigante Xerión quen, segundo algunhas lendas, tiña tres corpos e tres cabezas.

Menhir Pentecefálico, 1992,
de **Ramón Miranda**

O mundo celta identifícase erróneamente con menhires, cromlechs, etc., e estas expresións son reinterpretadas polos nosos artistas actuais nas súas obras.



Ártabros, 1992

Unha das tribus que habitaban as Mariñas e Bergantiños era a dos ártabros. Dedicábanse á caza, agricultura, gandería, industria e, como mostran estas esculturas, tamén eran mariñeiros e guerreiros.



Combate de Hércules e Xerión, 1994, de **Tim Behrens e Xosé Estepona.**

Esta obra fíxose a partir dunha representación abstracta de dito combate.

Caronte, 1992, de **RAMÓN CONDE**.

Hércules tivo que ir ao Hades (Mundo dos mortos) para traer ao can Cèrbero. Para ir até alí, había que atravesar a lagoa Estixia coa axuda do barqueiro Caronte, quen cobraba un óbolo a quen quería pasar.



Esta “Guitarra”, do turolense **Pablo Serrano** é unha homenaxe a Pablo Picasso, quen de neno viviu en A Coruña

Breogán, 1994, de **Xosé Cid**.

Breogán, tras rematar a conquista de España comezada polo seu pai Brath, funda a cidade de Brigantia e constrúe preto dela una torre, polo que tamén será chamada Faro de Breogán nas lendas irlandesas.



RUTA DE DURMIDEIRAS



Serea de san Amaro, 1998, de M^a Jesús Urgoiti Sanvicente
As sereas son divindades mariñas presentes en moitísimas lendas das nosas costas.



Evolución da Torre.

1. A Torre en época romana con corpo exterior.
2. En época romana con rampa volada.
3. Antes da reconstrución do s.XVIII
4. Despois da súa restauración de 1791



Monumento aos caídos na Guerra Civil, de **Isaac Díaz Pardo.**



Casa das palabras.

Inicialmente foi un cemiterio para os “mouros” que durante a guerra Civil Española de 1936, atendidos na Hospital Militar de A Coruña, falecían e non podáin ser enviaods a Marrocos. Ao non ter uso foi reconvertido no actual cometido, como soporte de frases relativas á cidade de A Coruña

Menhires, 1992, de **Manolo Paz.**



Até que se ennobrecu cos menhires, este lugar servía de depósito dos materiais de derrubo da cidade, de aí o nome de *campo das ratas*. Durante a Guerra Civil facíanse aquí fusilamentos, uns oficiais e outros non.



Hércules na barca dos Argonautas, 1992, Gonzalo Viana.

Hércules acompañou a Xasón na súa viaxe á Colquide para conquistar o vélaro de ouro. Non rematou a viaxe pois quedou nunha illa buscando ao seu amigo Hilas, mentres Xasón continuaba a viaxe.



Copa do Sol, 2003 Pepe Galán

Hércules para atravesar o Oceano e chegar a Galiza utilizou a *Copa do Sol*, que está empregada para cir de Oriente e a Occidente



Caracola, 1992, Moncho Amigo

Trátase dunha xigantesca caracola, corno da abundancia, gardián dos sons do mar.

Inscricións na Pedra do Altar.

No monte dos Bicos, rodeado



dunha cadea, podemos albiscar unas inscricións sobre a rocha. Pode que sexan neolíticas ou ben medievais



Restos do “Mar Exeo”

Na zona do Xugadoiro aínda se poden ver restos de ferro do último barco afundido aquí o 4 de decembro de 1994: o “Mar Exeo”

A áncora deste barco está no Clube do Mar, como memoria a todos os naufraxios.